

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
1. MODIFICACIONES QUE SE PROPOÑEN	4
1.1. CREACIÓN DE POSTOS.....	4
1.2. MODIFICACIONES.....	5
1.2.1. CAMBIO DE CODIFICACIÓN DE POSTO.....	5
1.2.2. CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE POSTO.....	6
2. AMORTIZACIÓN DE POSTOS.....	6

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

Mediante o Decreto 72/2022, do 25 de maio, establécense os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Así mesmo, polo Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fíxose a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que *"as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, alomenos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, e no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos"*.

As relacións de postos de traballo (RPT) na Administración son o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos para o seu desempeño e determinación das retribucións complementarias.

Abundando neste senso, o Título IV da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sobre a organización do emprego público, recolle no o artigo 38, apartado 1, que a relación de postos de traballo, *"é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei"* e , no artigo 38, apartado 2, que *"a través da respectiva relación de postos de traballo, estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos"*. Así mesmo, establece, no apartado 3 do referido artigo 38, que *"os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente"*.

A vixente RPT da Presidencia da Xunta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 5 de agosto de 2022 (DOG núm. 153, do 11.08.2022); sendo modificada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 3 de marzo de 2023 (DOG núm. 48, do 9.03.2023), e polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023 publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 20 de abril de 2023 (DOG núm. 78, do 24.04.2023).

En consecuencia, tendo en conta todo o anterior e tomando como referencia o artigo 69 do Real decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que establece no seu punto 1, que *"a planificación dos recursos humanos na Administracións Públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización"*

dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade”, e a Orde da Consellería de Facenda do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989, pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para cubri-lo (DOG núm. 90, do 11 de maio de 2017), propóñense as modificacións na RPT da Presidencia da Xunta de Galicia que se detallan neste documento.

En definitiva, a proposta de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia persegue actualizar o seu cadro de persoal para adaptalo á súa estrutura orgánica e adecuar os efectivos de persoal adscritos á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia para garantir o normal cumprimento das súas competencias e funcións.

1. MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN

1.1. CREACIÓN DE POSTOS

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaria xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Debe destacarse que, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica vela pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos.

Nese sentido, para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa intensificouse a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, mediante a asistencia dos/das letrados/as da Xunta de Galicia na redacción de anteproxectos. Pola súa banda, no artigo 1 do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, regúlase a función de asistencia xurídica da Asesoría Xurídica Xeral. Cómpre ter presente que nos últimos anos intensificouse esta función. Así, entre outras causas, pola aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o que supuxo a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo de todos os entes do sector público autonómico.

Tendo en conta o anterior, resulta necesaria a creación dun posto que apoie no desenvolvemento das seguintes funcións inherentes á Asesoría Xurídica Xeral:

- Informe dos anteproxectos de lei, de proxectos de disposicións con forza de lei, e dos proxectos de regulamentos executivos con exame da súa adecuación ao ordenamento constitucional, estatutario e legal, así como á técnica normativa.

- Asistencia nos procesos de elaboración e tramitación dos anteproxectos normativos que se lle encomenden pola Asesoría Xurídica Xeral.
- Asesoramento xurídico naqueles asuntos ou materias que pola súa especialidade se lle encomenden pola Asesoría Xurídica Xeral.

Así mesmo, coa finalidade de realizar os labores administrativos precisos para a correcta execución da función de asistencia xurídica dos letrados, proponse a creación dun posto de apoio nos devanditos cometidos.

Os postos que se propón crear teñen as seguintes características:

- **Letrado/a especialista en Asesoramento e apoio á produción normativa**, co código de RPT PX.501.00.000.15770.093, xerarquicamente dependente directamente da persoa titular da secretaría xeral, de nivel 30, co complemento específico propio do nivel do posto, sistema de provisión por libre designación (LD), aberto ao subgrupo A1, escala de letrados, de adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e CCAA (A11) e coa formación específica 640.

Asígnase o sistema de provisión do posto por libre designación conforme o disposto no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia ao tratarse dun posto equivalente a unha subdirección xeral.

- **Xefatura sección de Apoio Xurisdiccional**, co código de RPT PX.501.00.000.15770.053, xerarquicamente dependente directamente da persoa titular da xefatura de Gabinete de Defensa Xurisdiccional, de nivel 25, co complemento específico propio do nivel do posto, sistema de provisión por concurso de méritos, aberto ao subgrupo A1, A2 e C1, de adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia (AXG), e coa área funcional XUR.

RESUMO CREACIÓNS

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIV/ CAT	FORMA PROV	SUBGR	CORPO/ ESCALA	ADSCR. ADM. P.	ÁREA FUNC
F	0065	PX.501.00.000.15770.093	LETRADO/A ESPEC. ASESOR. E APOIO Á PRODUC. NORMATIVA	30	LD	A1	XSL	A11	
F	2561	PX.501.00.000.15770.053	XEFATURA SECCIÓN APOIO XURISDICCIONAL	25	C	A1-A2-C1	XERAL	AXG	XUR

2. MODIFICACIÓNS DE POSTOS

1.2.1. CAMBIO DE CODIFICACIÓN DE POSTO

Motivado pola creación da Xefatura de sección de Apoio Xurisdiccional, xerarquicamente dependente directamente da persoa titular da xefatura de Gabinete de Defensa Xurisdiccional fai necesaria a reordenación de postos dentro da Asesoría Xurídica Xeral para así reflectir na RPT a dita dependencia directa.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL
PROGRAMA 04 40 121B

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO ANTIGO	CÓDIGO POSTO NOVO	DENOMINACIÓN	MOTIVO CAMBIO
F	0065	PX.501.00.000.15770.055	PX.501.00.000.15770.052	XEFATURA GABINETE DEFENSA XURISDICCIONAL	REORDENACIÓN CÓDIGO DERIVADA DE CREACIÓN DE SECCIÓN DEPENDENTE DESTE POSTO

1.2.2. CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE POSTO

O Decreto 72/2022, do 25 de maio (DOG do 27.05.2022), polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia na súa disposición adicional primeira, mantemento de nomeamentos, establece que *non será preciso un novo nomeamento e toma de posesión das persoas titulares dos órganos superiores e directivos cuxa adscrición orgánica, denominación e/ou rango varíen como consecuencia do disposto neste decreto.*

A Asesoría Xurídica Xeral en virtude do decreto de estrutura adquire rango de Secretaría Xeral, cando anteriormente o tiña de Dirección Xeral, sendo necesario, polo tanto, modificar a denominación do posto sinalado para adaptarse á entrada en vigor do decreto de estrutura.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL
PROGRAMA 04 40 121B

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN ANTIGA	NOVA DENOMINACIÓN
F	0068	PX.501.00.000.15770.001	SECRETARIO/A DO/A DIRECTOR/A XERAL	SECRETARIO/A DO/A SECRETARIO/A XERAL

3. AMORTIZACIÓN DE POSTOS

Unha vez valorado que non repercuten na calidade nin na prestación dos servizos públicos, propónse a amortización dos postos que se relacionan na táboa, co obxecto do financiamento das necesidades de crédito xeradas polas creacións de postos. Tódolos postos propostos están vacantes e non ocupados.

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA
PROGRAMA 04 10 111A

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	SUB GR	NIV/ CAT
F	0030	PX.102.00.002.28001.002	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20

DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN
PROGRAMA 04 20 461A

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	SUB GR	NIV/ CAT
F	1511	PX.202.00.000.15770.001	SECRETARIO/A DO/DA DIRECTOR/A XERAL	C1-C2	18

ASESORÍA XURÍDICA XERAL
PROGRAMA 04 40 121B

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	SUB	NIV/
----	------	--------------	--------------	-----	------

				GR	CAT
F	9607	PX.501.00.000.15770.038	SECRETARIO DO GABINETE XURÍDICO	C1-C2	16

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral da Presidencia

Beatriz Cuiña Barja